

Discurso lido na entrega da Medalla de Ouro de Galicia 2011  
pola directora do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de  
Compostela

Señor Presidente, señoras e señores, amigas e amigos, compañeiras e compañeiros,

En nome de tódolos que fomos e somos integrantes do Instituto da Lingua Galega recollo e agradezo esta Medalla de Ouro de Galicia, que tan altamente nos honra.

Recollémola, nosoutros, representando os investigadores en humanidades e aproveitamos a ocasión para lembrar que esta metade do mundo científico tamén existe, tamén é necesaria, tamén contribúe ó progreso, tamén achega un coñecemento vital, porque bota luz sobre nós mesmos, sobre quen fomos e quen somos, sobre quen poderemos ser. Ciencias e Letras son dous xeitos complementarios de aproximación ó coñecemento; por iso cómpre que a investigación en humanidades se deixe de mirar con condescendencia e que se comece a avaliar con criterios axeitados, pensados en función das características específicas do noso traballo académico. Constituímos un sector relevante, que xera coñecemento fundamental de portas a dentro e que leva dignamente o nome de Galicia por todo o mundo. Da mesma maneira que a Cultura non é só de Letras, a Investigación non é só de Ciencias. Dúas culturas, dous xeitos de investigar distintos, complementarios, ambos necesarios. E agradecemos que arestora se puxese o foco sobre a lingüística e filoloxía galegas, por razóns que se desprenderán do que direi a seguir.

O Instituto da Lingua Galega leva anos fomentando o achegamento entre as dúas culturas. Sostemos que o coñecemento sobre distintos aspectos da lingua galega só poderá avanzar debidamente grazas á contribución de investigadores doutros campos do saber, de modo que xa desde hai tempo procuramos que nas nosas reunións científicas participen especialistas dun abano cada vez máis amplo de coñecementos: foniatría, psicoloxía, etnografía, xeografía, dereito, socioloxía, historia, xenética... É para nós un motivo de especial satisfacción compartirmos este acto con Ángel Carracedo, un dos nosos referentes.

Pertenzo, como moitos dos que aquí estamos, a unha xeración que naceu á filoloxía galega nun tempo en que case todo estaba por facer. Fomos feridos polos dardos acusatorios de mestres como Dámaso Alonso ou Alonso Zamora Vicente, que a mediados dos sesenta se laiaban do increíble atraso da lingüística galega, do desleixo en que se atopaba o estudo do noso idioma en comparanza co de calquera outra lingua ou dialecto peninsular, ó tempo que reclamaban un programa de recolla e estado

sistemáticos de materiais, para que o galego deixase de ser a gran descoñecida das linguas románicas, todo un *mare ignotum*.

Non eran esaxeradas as inquedanzas destes e outros grandes romanistas. Tamén os intelectuais galegos percibían ese inmenso descoñecemento da nosa realidade lingüística como unha eiva que tollía o desenvolvemento da lingua nacional, de aí que se preocupasen de enxeñar modos e maneiras de saírmos do pozo. Hai medio século erguéronse as primeiras voces reclamando unha reacción que puxese remedio á deleiva, inspirando ou proponendo un centro do tipo do que será o ILG. Mencionarei só as reiteradas apelacións de Ramón Piñeiro á urxente formación de especialistas e as grandes esperanzas postas na autoridade científica dun certo “equipo de lingüistas galegos que está en formación”. Lembrarei que polos mesmos anos, na Fundación Penzol, que se acabara de crear en Vigo, comezou a tomar corpo a idea dun Instituto de Filoloxía e Lingüística Galega que facilitase subsidios e programase unha recollida sistemática dos falares das distintas comarcas, contando coa colaboración dos alumnos de filoloxía románica da Universidade de Santiago. Obviamente, a extrema carencia de estudos e de coñecemento sobre o galego tiña unha das súas causas (non a única) no feito de que a universidade galega nunca se ocupara dos estudos filolóxicos. Antón Santamarina, distinguido membro fundador do Instituto e antecesor meu na Dirección, que nos acompaña hoxe, pertence á primeira promoción de filólogos galegos que non tivo que emigrar para se formar neste campo do saber. Corría o ano 1966, e daquela as cousas comezaban a cambiar.

Ese é o contexto en que naceu o Instituto da Lingua Galega hai catro décadas, no seo da Universidade de Santiago de Compostela, moi poucos anos despois de que os estudos filolóxicos chegasen ás aulas da nosa universidade e de que don Ricardo Carballo Calero ocupase nela o primeiro posto de profesor de lingua e literatura galegas. Eran os tempos do informe dramático sobre a lingua galega do profesor Alonso Montero, pero tamén os tempos en que o galego foi emerxendo con crecente protagonismo nas loitas estudantís de Compostela, de fins dos sesenta en diante.

No nacemento do ILG, naquela primavera de 1971, trezéronse varios fíos que cómpre lembrar por separado, para lles facer xustiza a todos. O artífice foi Constantino García, asturiano, que chegara de Alemaña para ocupar a cátedra de Filoloxía Románica e impulsar a recentemente nada sección filolóxica. Os que o coñecestes podedes dar fe de que posuía unha visión e unha capacidade extraordinarias para idear e levar a bo porto ambiciosos proxectos. El conseguiu que a Universidade se dese a man coa sociedade galega, representada por cinco institucións de indubidable peso, tamén no plano simbólico, no panorama cultural e científico galego: Fingoi, Sarmiento, Academia, Barrié e Penzol. A fundación Penzol estaba representada por don Xerardo Fernández Albor, que nos acompaña, e ó que unha vez máis mostramos o noso agradecemento. E, por suposto, Constantino García contaba cun ingrediente fundamental: o entusiasmo e a intelixencia dun pequenísimo grupo de investigadores novos, acabados de saír das aulas compostelás e fondamente comprometidos con Galicia. Sen eles sería imposible emprender a tarefa.

Detívenme en rememorar aquela primavera de 1971 non só porque sempre é saudable lembrar quen somos e de onde procedemos, senón porque entendemos que fomos

escolleitos para esta distinción co gallo de celebrarmos o noso 40º aniversario. A conmemoración trae consigo a necesaria ollada ó camiño percorrido, que nós coidamos que podemos facer con lexítima satisfacción, exhibindo orgullosamente os pasos de xigante dados pola lingüística e filoloxía galegas neste escaso medio século, pois nese curto prazo cumprimos as etapas que outras linguas con máis medios e apoios e nunha situación sociopolítica moito máis favorable tardaron séculos en percorrer. Ben é certo que, por fortuna, o ILG non estivo só neste traballo de construción colectiva, pero non o é menos que propios e alleos recoñecen o protagonismo do noso centro de investigación e que a milagrosa boa saúde deste campo do saber non sería tal sen a concorrencia do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén o é que, grazas á decisiva contribución do ILG, a construción do código normativo (a planificación do corpus) está practicamente concluída; está pendente a planificación do estatus, na que podemos ter opinión científica pero está fora da nosa competencia, no ámbito político.

Ora ben, a ollada compracente sobre os logros non nos impide recoñecer o moito que queda por diante: causas pendentes, espazos descoidados, urxencias aprazadas..., tamén novos tempos, novas necesidades, novos retos. Por iso desexamos reiterar que celebramos o noso 40 aniversario e recollemos esta Medalla de Ouro, a máxima distinción da comunidade, renovando o noso compromiso coa lingua de Galicia e co rigor científico que esixe o seu estudo, conservación e difusión.

Pódese dicir sen esaxero que ningún dominio lingüístico da península é máis coñecido nos seus trazos lingüísticos peculiares có territorio galegófono. E, mesmo así, sentimos a urxencia de seguir facendo o levantamento do inmenso caudal de saber lingüístico e cultural do noso pobo. Por iso non podó desaproveitar a ocasión de lanzar un chamado ante esta ilustre concorrencia: con cada vello que falece esváese un saber ancestral, vaise para sempre un patrimonio inmaterial de valor incalculable. Falo do léxico común, dos proverbios e expresións, da gramática..., pero sobre todo falo dun ámbito moito máis concreto, o da toponimia menor de Galicia (os nomes das leiras, dos camiños, das tenzas, dos cumes, das fontes, dos regatos...: de aquí a pouco xa non haberá a quen llos preguntar). Nomes que levan aí centos, miles de anos...: ¿vai ser a nosa xeración a que os deixe morrer? Urxe a recollida, os medios económicos son poucos en comparanza coa magnitude e o valor do patrimonio que se pode salvar. Urxe unha normativa proteccionista deste tesouro.

Os avances nos estudos sociolingüísticos permiten avaliar o estado da lingua galega e alertan sobre a situación de crise en que se atopa, agravada por medidas que provocaron unha involución no proceso de normalización que fomos percorrendo paseniño desde o comezo da autonomía. Solicitamos do goberno galego que atenda as voces dos expertos, que reclaman medidas eficaces de discriminación positiva cara ó galego, unha súa presenza suficiente no medio educativo e unha renovación dos métodos de ensino de linguas que garanta a plena competencia comunicativa na lingua propia de Galicia. A lingua galega é a creación máis orixinal e máis valiosa do pobo, un patrimonio que estamos obrigados a preservar e arrequentar, para legalo mellorado ós nosos herdeiros. Apelamos ó conxunto da sociedade, comezando polos medios de comunicación, a que tome consciencia do desafío e se comprometa activamente co idioma. Instamos a tódolos sectores do abano político a que realicen un acto de xenerosidade ó servizo de Galicia,

restaurando o consenso que presidiu a política lingüística desde a promulgación da Lei de normalización ata a aprobación do Plan xeral de normalización da lingua galega.

O Instituto da Lingua Galega é unha entidade con fins exclusivamente científicos, por tanto, pouco dado a prodigarse en comunicados e manifestos, pero cando expresa publicamente a súa opinión procura facelo cun fundamento incommovible. Somos científicos con opinión, celosos da nosa independencia e fundamente leais ó noso país. Comprácenos sentirnos parte da gloriosa tradición dos filólogos patriotas que iluminan a historia da cultura europea, desde Antonio Nebrixa ou Fernão d'Oliveira ata Martín Sarmiento, Samuel Johnson ou o saudoso Joan Solà, que estudaron os seus respectivos idiomas con tanto rigor coma amor. Por iso, non podemos desentendernos das vicisitudes do galego e dos debates sociais que viran á súa volta. Estamos fundamente preocupados pola situación en que se atopa o idioma e tememos seriamente que, perante o desafecto dalgúns sectores sociais e a desatención de certas autoridades, a súa crise se agrave ata cegarlle o camiño do porvir.

Señor Presidente, beizón por distinguírennos con esta Medalla. Chegamos ata aquí grazas á ilusión, a intelixencia, o esforzo, o agarimo, o pulo de moitísimas persoas, dentro e fóra do ILG. Grazas a todas, estean onde estean: ofrecémosllela a todas elas. Permanecemos fieis ós principios que inspiraron a creación do Instituto hai catro décadas e que se poden resumir nun compromiso inquebrantable co estudo e o cultivo da lingua galega. O camiño non sempre foi fácil, como poden supoñer; é posible que o futuro tamén nos traia momentos difíciles e situacións críticas. Pero a valía da honra que nos outorgades obríganos máis, se cabe, a renovar ese compromiso coa lingua de Galicia, co pobo que fala galego, apostando polo futuro. Así será, co concurso dos bos e xenerosos.

Santiago de Compostela, 25 de xullo de 2011